

**ANEXO III: ESTRUCTURA SEGÚN TIPOLOXÍA E NORMAS DE EDICIÓN
DO TRABALLO FIN DE GRAO POR TIPO**

A **ordenación** dos apartados dos traballos será a seguinte:

a. Partes preliminares:

- Portada: dúas portadas e unha opcional
- Título
- Agradecementos, opcionais
- Resumo e palabras chave
- Abreviaturas, se procede
- Índices:
 - índice de tablas
 - índice de gráficos
 - Índice de...
 - Índice de contidos

b. Partes centrais:

- Introdución. Xustificación e obxectivos
- Material e método.
- Resultados e discusión
- Conclusíons.

c. Partes finais:

- Bibliografía
- Anexos, opcionais.

PARTES PRELIMINARES

PORTADA: deberanse cumprimentar os datos que nela figuran. **Nunha segunda** páxina, figurará o nome do autor/a, o título e unha breve descripción do traballo do traballo en galego, castelán e inglés, e a sinatura do estudiante que acredeite a orixinalidade da obra. Ambas páxinas están disponibles en Faitic e na web. A continuación, de **maneira opcional** o estudiante poderá incluír nunha **terceira** páxina, unha portada de deseño libre.

TÍTULO: debe ser claro e reflectir o contido do traballo. Inclúese na portada e no encabezado do resto das páxinas do traballo (aconséllase non superar as 15 palabras).

AGRADECIMENTOS: opcionais

RESUMO: o resumo estará escrito en calquera das linguas oficiais do Estado español e, ademais, nunha lingua da Unión Europea distinta destas (páxina diferente). É unha síntese do traballo: deberá conter o obxectivo da investigación, a estratexia metodolóxica básica, os resultados e conclusíons más relevantes e algunha recomendación importante (se procede). Recoméndase non superar as 250 palabras e nel non se incluirán referencias bibliográficas.

PALABRAS CHAVE: escoller entre 3 e 10 termos en orden alfabético ou construcións semánticas que sirvan para a súa clasificación por parte dos servizos de documentación.

ABREVIATURAS: opcionais

ÍNDICE debe permitir o manexo cómodo e fácil do TFG. Os diversos capítulos do traballo mostraranse en números romanos en maiúsculas, os subcapítulos, de ser o caso, en números arábigos, e se hai puntos, estes represéntanse en números romanos en minúsculas.

PARTES CENTRAIS:

INTRODUCIÓN:

Implica una **revisión bibliográfica** incluídas as referencias bibliográficas más importantes, co fin de dar a coñecer os antecedentes, as lagoas de coñecemento existentes e o estado actual do tema a desenvolver que axuden a conceptualizar e fundamentar, **así como a xustificación da importancia do tema**.

Deberá responder as seguintes cuestiós: ¿Qué se sabe do problema que se quere investigar? ¿Para que se quere estudar o problema?. ¿Qué se quere saber sobre o problema? (hipóteses, cuestiós de investigación). **OBXECTIVOS.** Non é imprescindible un apartado específico; poden quedar reflectidos ao final da introdución.

MATERIAIS E MÉTODOS:

constitúe a parte central e fundamental do TFG. Nesta fase recolleranse os datos relevantes en función dos obxectivos expostos:

Nun traballo de investigación.-

Explicase como se fixo o traballo incluíndo información suficiente para que o estudo poida ser repetido por outro investigador.

Deberá conter:

- Deseño do estudo e marco temporal
- Descripción da poboación na que se levou a cabo o estudo
- Descripción do tipo e técnica de mostraxe empregada, así como a xustificación do tamaño da mostra.
- Variables e indicadores utilizados no estudo
- Instrumentos usados para a recollida dos datos
- Descripción dos métodos usados para garantir a fiabilidade e a validez dos datos
- Métodos para a análise da información obtida: tratamiento estatístico dos datos, paquetes informáticos.
- Non hai que introducir datos novos; é o momento de interpretar os resultados do apartado anterior. Formular similitudes e diferenzas con outros traballos publicados.
- Comunicar as fortalezas e as limitacións do estudo (sesgos, confusión ou erros que comprometan a fiabilidade e a validez dos achados).
- Expresar as posibilidades de xeneralización dos resultados. Deixar constancia de en que liña hai que seguir investigando
- Así mesmo, deberán incluirse os **aspectos éticos** oportunos. O/a autor/a debe identificar e garantir o cumprimento dos principios éticos e da normativa xurídica referidos a súa investigación.

Nunha revisión bibliográfica.-

- Describirá a estratexia de busca empregada. Incluiranse as bases de datos utilizadas para a localización dos artigos e datas en que se consultaron.

- Tamén as palabras chave utilizadas, os anos de busca, e os criterios de inclusión e exclusión establecidos para a selección dos resultados da busca bibliográfica. Incluiranse outras fontes utilizadas: páxinas web, libros, e a información relativa ás mesmas.

Nun caso clínico.-

- Exposición do caso: características do paciente, incluíndo os datos relevantes e omitindo sempre os datos persoais e calquera outro dato que non sexa importante para o caso estudiado. Débense destacar aspectos como a súa gravidade, dificultade para o seu recoñecemento, forma de presentación, etc.

Nun traballo sobre un Proxecto de Intervención:

- Se focalizará na realización dun proxecto de intervención en calquera dos ámbitos da enfermería (protocolo, plan de coidados, programa de educación para a saúde, proxecto de xestión, etc.):
 - Metodoloxía ou deseño do proxecto; Desenvolvemento do proxecto, etc.

RESULTADOS E DISCUSIÓN

Nun traballo de investigación:

Resultados:

- Recoméndase iniciar este apartado cunha descripción da mostra estudiada
- Presentar información pertinente aos obxectivos do estudo
- As táboas, gráficos, figuras, etc., deberán ser claras e relevantes e deben ir claramente acoutados no texto por orde de aparición
- Non se deberá reflectir no texto toda a información que aparece nas táboas, gráficos, etc., só a más destacable

Discusión:

- Non hai que introducir datos novos; é o momento de interpretar os resultados do apartado anterior. Formular similitudes e diferenzas con outros traballos publicados. Comunicar as fortalezas e as limitacións do estudo (sesgos, confusión ou errores que comprometan a fiabilidade e a validez dos achados). Expresar as posibilidades de xeneralización dos resultados. Deixar constancia de en que liña hai que seguir investigando

Nunha revisión bibliográfica:

Análise, síntese e discusión da información dos artigos revisados.

Incluirá os resultados da selección de artigos e a avaliación da validez de cada un dos artigos seleccionados.

Recomendase incluir táboas dos artigos seleccionados, cunha avaliación de cada un deles. Pódese incluír unha análise crítica do estado dos coñecementos sinalados na literatura. Pódese facer referencia ás congruencias e contradicións dos artigos, explicar as diferentes conceptualizacións e métodos, as súas limitacións,....

Nun caso clínico:

Incluirase o proceso enfermeiro, o/os diagnósticos, resultados e intervencións para resolver o problema formulado.

Incluiranse comentarios acerca da solución do caso: as súas particularidades científicas, a súa novidade comparando os resultados cos obtidos por outros investigadores (incluíndo as referencias bibliográficas).

Pódense utilizar gráficos, fotos, etc.

Nun traballo sobre un Proxecto de Intervención:

- Conclusíons e implicacións

CONCLUSÍONS:

- As conclusíons e recomendacións poden formar parte do apartado discusión, denominándose entón “Discusión e Conclusíons”
- Deben responder ás preguntas de investigación formuladas, aos obxetivos plantexados na Introdución
- As recomendacións que se formulen han de ser factibles
- Indicar as implicacións dos resultados para a práctica enfermeira, sanitaria, ou a política de saúde

PARTES FINAIS:**BIBLIOGRAFÍA:**

- Ten que ser actualizada, estar acotada no texto e proceder de fontes primarias
- Debe ser referenciable (traballos publicados ou accesibles para os lectores)

Neste apartado incluirase una relación de todo o material bibliográfico utilizado (manuais, monografías, revistas especializadas, prensa, estatísticas, etc....).

Seguiránse as normas de Vancouver ou APA, nas súas últimas versión

ANEXOS:

Se o tema elixido precisa mostrar clasificacións, taxonomías, reproducir textos, realizar esquemas ou gráficos explicativos, mapas ou diagramas, achegar fotografías, etc..., relacionados con traballo, podería ser conveniente que o material se presente nun ou más anexos de material e gráficos, debidamente ordenados e coas explicacións que se consideren oportunas.

OTRAS NORMAS: NORMAS DE EDICIÓN

Ademais das xa normas anteriores, o TFG deberá cumplir coas seguintes normas de edición:

- a) TFG terá unha extensión mínima de 25 páxinas e máxima de 60 páxinas DIN-A4 a unha cara, en orientación vertical, incluíndo portada, índices, bibliografía e anexos. A extensión mínima e máxima adecuarase á tipoloxía do traballo elixida.
- b) Portadas: a portada é igual para todos. Descargase do portal e debe ser cuberta cos datos correspondentes que nela figuren. Existe una segunda portada de obrigado cumprimento ao ser necesaria para facilitarlle ao alumnado a introdución dos datos da solicitude de defensa na secretaría virtual.

- c) De maneira opcional, pódese incluír unha terceira portada persoalizada polo alumnado relacionada co TFG.
- d) O tipo de letra empregada será a Times New Roman tamaño (12 pt.) ou Arial tamaño (11pt).
- e) O texto con aliñación xustificada e entreliñado de 1,5. (coa excepción do apartado da bibliografía)
- f) O espazo entre parágrafos a 12 puntos (anterior: 0, posterior: 12)
- g) No interior das táboas pódese diminuír o tamaño da fonte e o interliñado.
- h) O corpo do texto terá os seguintes marxes: superior 3,5cm, inferior e dereita de 2,5 cm e a marxe esquerda de 3 cm.
- i) O encabezado e pe de páxina so serán visibles a partires da páxina da Introdución.
- j) No encabezado aparecerá centrado o título do traballo con tipo de letra seleccionado, tamaño 10 pt.
- k) A paxinación co tipo de letra seleccionado e tamaño 10 pt debe aparecer a dereita no pe de páxina e ser visible coa numeración que lle corresponda a partires da páxina da Introdución.
- l) Cada apartado da ordenación do traballo, irá nunha páxina diferente.
- m) A numeración en número romanos en maiúsculas é exclusiva para as partes centrais do traballo. Os subcapítulos, de ser o caso, en números arábigos, e se hai puntos, estes represéntanse en números romanos en minúsculas.
- n) Excepto nos agradecementos, no caso de presentar datos cualitativos (partes das entrevistas, etc.), e cando se utilice unha metodoloxía moi explícita, só está permitido utilizar unha linguaxe impersonal, con referencia á terceira persoa gramatical singular.
- o) O índice pode ser automático.